

MONDOÑEDO NA MEMORIA

Ano I

Mondoñedo, xuño de 2020

Núm. 1

Edita: Antonio Reigosa | Textos, fotografías e imaxes: autores e fontes que se citan | Deseño da cabeceira: Xosé Vizoso
Deseño e maquetación: Diego Núñez | Depósito Legal: LU 62-2020 | ISSN: 2660-8324 | Imprime: Imp. Suc. de Mancebo

Centenario de Mondoñedo y Distritos (1920-2020)

Antonio Reigosa

A *Sociedad Mondoñedo y Distritos* créase o 22 de agosto de 1920 nunha reunión ritual celebrada no núm. 725 da rúa Tacuari da cidade de Bos Aires. Asinan a acta fundacional Valentín González, Víctor Domenech, Juan García, Alfredo Pérez, Lisardo García, José Fraga, Manuel López Seivane, Ladislao Coldeira, José Coldeira, Nicanor Flores e Ricardo Veiga González, principal promotor.

Os obxectivos que se reflicten nesta acta son a protección da cultura e o recreo, manter o nome da «hidalga y hospitalaria ciudad que lleva su nombre, sus glorias, su arte», convocar un *picnic* coincidindo coa festividade da Virxe dos Remedios e preparar unha assemblea constituínte. Os consocios debían ser oriundos do ámbito territorial do partido xudicial de Mondoñedo.

A nova sociedade acaba formalizándose o 31 de outubro na Casa de Galicia no medio de calorosos eloxios á terra nai, con lecturas poéticas e diversas proclamas entusiastas, incluso un algo arroutadas como estes versos de Ignacio Cruces que rematan: «e todo aquel que s'atreva / a decir que non é certo / recibirán «os padriños» / d'os fillos de Mondoñedo».

Os reclamos para atraer membros á nova sociedade eran claros e contundentes: «Cada socio que usted haga, es un laurel que coloca en la corona de gloria que ofrendaremos un día al viejo terruño».



Víctor Domenech
(«Vida Gallega» núm. 248, 1924).

O primeiro consello administrativo quedou encabezado por Valentín González como presidente, Víctor Domenech, vicepresidente, Ricardo Veiga, secretario, Ladislao Coldeira, vicesecretario, Manuel López Seivane, tesoureiro e varios vocais máis.

- D Valentín González
- " Víctor Domenech
- " Juan García
- " Alfredo Pérez
- " Lisardo García
- " José Fraga
- " Manuel López
- " Ladislao Coldeira
- " José Coldeira
- " Nicanor Flores
- " Ricardo Veiga


En la Capital de Buenos Aires, a veintidos de Agosto de mil novecientos veinte, reunidos los señores que al margen se expresan, en la casa número setecientos veinticinco de la calle Tacuari, se pensó en constituir una Sociedad bajo los auspicios de la Protección, la Cultura, y el Recreo, que se denominará "Mondoñeco", y ya que su principal objeto es exaltar el nombre de la hidalga y hospitalaria ciudad que lleva ese nombre, sus glorias, su arte y todo aquello que el

buen sentido y las necesidades lo reclamen, acordándose, con tal objeto, convocar a una asamblea de donde quedará definitivamente constituida, y nombrar una Comisión encargada de llevar la idea a su feliz realización. A esta Comisión queda encomendada, además, la organización de un Picnic que se efectuará en el próximo mes de Setiembre, conmemorando la Fiesta de Los Remedios, y que servirá de propaganda para que la idea florezca en medio de un ambiente entusiasta, quedando compuesta esa Comisión por los señores que suscriben.

Y a que conste así — y por ser así de los acuerdos — se escribe la presente acta que firmamos todos, en Buenos Aires, fecha y lugar.


Valentín González
Manuel López Seivane
Alfredo Pérez
Lisardo García
Juan García
José Fraga
José Coldeira

Acta fundacional. Copia xentileza de Xosé Ruíz Leivas.



Portada de «Do Noso Lar».

«DO NOSO LAR», UNHA PUBLICACIÓN HISTÓRICA



En 1923 *Mondoñedo y Distritos* baixo a presidencia de Víctor Domenech decidiu presumir de orixes, de historia e de compatriotas ilustres e acordou editar unha publicación con motivo da festividade dos Remedios que se titulou *Do Noso Lar*, un álbum artístico-literario de 96 páxinas profusamente ilustrado con fotografías de persoeiros ilustres, paisaxes, patrimonio e monumentos, obra que constitúe un fito histórico entre as publicacións mindonienses da diáspora e cuxa edición coordinou Ricardo Veiga González. Imprimiuse en Bos Aires, Imprenta Elseviriana.

Por esta publicación sabemos que o concello de Mondoñedo contaba daquela con 10.460 habitantes, 3340 no espazo urbano. Contén artigos sobre os servizos existentes, pulo industrial e comercial, infraestruturas en funcionamento e agardadas para dar cumprimento ás expectativas de futuro. Asinan colaboracións de carácter histórico, Emilio




Comisión redactora de «Do Noso Lar» (xentileza de Martín Fernández Vizoso).

Tapia Rivas, José Polo Folgueira, E. Lence-Santar, Fernando Lorenzo Rico, Ricardo Veiga, R. Villar Ponte e textos poéticos de M.^a Ángeles Vázquez, Noriega Varela, Leandro Carré, García Dóriga, amén de publicidade, fotografías e datos sobre varios concellos do partido xudicial.

O acto de presentación pública da publicación tivo lugar no Salón-Teatro do Orfeón Español de Bos Aires o 15 de setembro de 1923, no marco dun dos festivais organizados por esta sociedade.

O xornalista Martín Fernández Vizoso publicou en *La Voz de Galicia-A Mariña* o 9 de decembro de 2018 un ben documentado e ilustrado artigo sobre esta publicación. O arquivo de prensa da emigración do Consello da Cultura Galega conserva un exemplar.

SOLIDARIEDADE COA TERRA



Para os múltiples festivais que organizou *Mondoñedo y Distritos* ao longo dos primeiros anos de vida chegaron a contar con orquestra, baixo a dirección do mindoniense José M.^a Cendán, cuarteto do Centro Musical «Mondoñedo», e tamén co coro Enxebre.



Asistentes a un acto social. 1927.

No verán de 1922 a sociedade organiza un festival en Bos Aires co obxectivo de recadar fondos para dotar economicamente un Patronato Pascual Veiga que se debería constituír en Mondoñedo cos obxectivos de crear unha escola de música, editar as obras completas de Leiras e mercar dúas placas de bronce, unha para a sepultura de Leiras Pulpeiro e outra para a de Pascual Veiga.

Estas placas viaxaron desde Arxentina canda Fernando Lorenzo Rico en 1922 pero quedaron atrancadas ata 1923 no porto de Vigo por un asunto de aranceis; non se colocaron nas respectivas tumbas ata novembro de 1925.



Placa para a tumba de M. Leiras Pulpeiro.

O programa do festival que tivo lugar o domingo 15 de febreiro de 1925 publicado en *El Heraldo Gallego* non ten desperdicio. Números musicais e cómicos, ágapes variados, bailes, carreiras, concursos, «miajitas» de gaita..., en fin, un pouco de todo para gozar da xornada o máis enxebremente posible.

Pero, ademais de festexar, debatíase un tema recorrente entre os emigrantes galegos; como sempre, a preocupación

polas causas que os forzaran a irse como a carencia de escolas, de infraestruturas, de recursos, de oportunidades e mesmo, no caso dos mozos, fuxir da chamada do exército e da guerra en África.

No verán de 1923, a sociedade remite ao seu representante en Mondoñedo, José Polo Folgueira, a cantidade de 300 pesetas para socorrer os orfos do terrible accidente que acabara coa vida de dúas mulleres en Valiño, un electrocutamento que sería o motivo da erección da chamada Cruz das Cordeiras, hoxe tamén desaparecida.

Na revista *Céltiga* núm. 23, 10 de decembro de 1925, publicase o texto que *Mondoñedo y Distritos* presenta diante do goberno de España solicitando un ascenso para Noriega Varela, o mestre ‘desterrado’ en Trasalba desde 1912 por decisión –así se insinúa na información– político Avelino Montero Villegas.



Acto para recadar fondos para unha escola en Mondoñedo. 26 de marzo de 1927.

Esta carta, datada o 3 de decembro de 1925, eloxia os méritos de Noriega Varela «astro de primeira magnitude» e vai asinado polo presidente da sociedade naquel entón, Antonio Piñeiro.

En marzo de 1926, nun festival, recádase para construír unha escola en Mondoñedo e a sociedade participa activamente na homenaxe que se lle rende ao aviador galego, Ramón Franco.

No verán de 1927, remóvese a xunta directiva, presidida momentaneamente por Fernando Lorenzo Rico para pasar o 9 de xuño de 1928 a recuperar a presidencia Valentín González. Había, evidentemente,




Consello directivo presidido por Fernando Lorenzo Rico. Marzo de 1928.

certa convulsión interna na sociedade, o que non impedía que naqueles anos contribuíse economicamente co Hospital de San Pablo e incluso coa celebración da Festa da Árbore en Mondoñedo.

Uns días antes, o 14 de maio, en sesión da permanente do concello de Mondoñedo presidido por Jorge González Redondo, acórdase atender a petición de *Mondoñedo y Distritos* e dar o nome de Manuel Leiras Pulpeiro á praza que entón se denominaba Oswaldo Codina. Este acordo sería revisado para asignarlle o nome de Leiras á antiga rúa Santo Domingo e foi definitivo para inmortalizar por fin no rueiro mindoniense a memoria de Leiras Pulpeiro, xa falecido en 1912.

A EDICIÓN DAS OBRAS DE LEIRAS




Eran frecuentes, ademais das consabidas romaxes, *lunch* e bailes, a programación de veladas teatrais e lecturas poéticas como a do poema «Canto a Mondoñedo» de José María Basanta Llenderozos que tivo lugar no acto celebrado o 19 de abril de 1924 no salón do Orfeón Español.



Anuncio dunha festa campestre para decembro de 1925.

Xa falamos da edición da magna e histórica obra *Do Noso Lar* e debemos atender agora outra preocupación desta sociedade por contribuír á edición das obras completas de Leiras Pulpeiro.



Debuxo do mausoleo de Leiras publicado en «Mondoñedo» núm. 16.

O asunto coleaba desde pouco despois do pasamento do médico e poeta. Retomouse en 1921 para dar uso ás sobras do recadado con motivo da inauguración do mausoleo pero vai ser esta sociedade a que en 1922 manifieste o seu interese no asunto mais, como alguén alegase que a familia non remitira a obra inédita de Leiras, quedou adiado.




Portada das «Obras completas de M. Leiras Pulpeiro». Tomo I.

O 24 de marzo de 1929 *El Correo de Galicia*, órgano da colectividade galega na Arxentina anuncia a nova que resultou definitiva; Mondoñedo y Distritos xira a María Andía, viúva de Leiras, 830 pesetas para editar un volume coas poesías inéditas e dispersas do poeta. Tamén se anuncia que Antón Villar Ponte sería o prologuista e Álvaro Cebreiro o ilustrador, aínda que ao final foron R. Otero Pedrayo e Castelao, prologuista e ilustrador da cuberta respectivamente.

Por fin, o 19 de febreiro de 1930 a editorial Nós saca á rúa a publicación baixo o título *Obras Completas Tomo I (Poesías)*. PVP: 3 pesetas. Este foi o primeiro libro editado por Ánxel Casal no novo domicilio da Editorial Nós na Coruña, rúa Linares Rivas, 50.


«MONDOÑEDO», A PUBLICACIÓN OFICIAL DA SOCIEDADE



En 1926, a sociedade crea un xornal que se denomina *Mondoñedo* e que se subtitula publicación oficial de la Soc. «Mondoñedo y Distritos».

Só coñecemos 5 números (4, 11, 13-14, 15 e 16) correspondentes aos anos 1926, 1927 e 1928, consultables en aberto na Biblioteca Dixital Galiciana. Cun número de páxinas variable, abunda a información ilustrada con fotografías, sobre todo dos actos sociais propios, dos acordos da dirección e a sección de noticias chegadas da terra nai, novidades en canto ao desexado ferrocarril que nunca chegaría, á traída de augas, a noticia tratada por extenso sobre a morte do famoso gaitero Coruxeiras ou a carta remitida ao alcalde mindoniense solicitánlle unha rúa para Leiras, como xa comentamos, que aparece no número 16, abril de 1928, asinada polo entón presidente, Fernando Lorenzo Rico.

AS PLACAS PARA AS RÚAS DE VEIGA, LEIRAS E NORIEGA




No outono de 1929 saen de Bos Aires en dirección a Mondoñedo tres orladas placas de bronce cos nomes en altorrelevo de Veiga, Leiras e Noriega para colocar nas rúas respectivas, instalación que non se culminaría ata o 20 de outubro de 1930 por razóns burocráticas que xa explicamos noutro lugar.

DECAE A ACTIVIDADE



Na década dos 30 do s. XX as noticias sobre as actividades de *Mondoñedo y Distritos*, sobre todo en relación con Mondoñedo, decaen. En 1935 traslada o



Cabeceira de «Mondoñedo» núm. 4.

domicilio social a Palacio, rúa San José 224, sabemos que era presidente honorario Valentin González e efectivo, Antonio Losada, e secretario xeral, J. Ramón Ramos, segundo publica *Vallibria* o 28 de abril de 1935. Esta directiva renóvase parcialmente en 1936

A seguinte nova que atopamos lévanos a maio de 1953 e dinos que *Mondoñedo y Distritos* organiza unha excursión ao delta do Paraná para celebrar o 33 aniversa-

Gran Romería Campestre
Festa pra todo-l-os gallegos
Organizada pol-a Sociedá
Mondoñedo e Destritos

A veira d-o mar; con sombra
de ramaxes verdes

N-a Quinta "Vila Carballino"

EN VICENTE LOPEZ. — F. C. C. A.
O 19 DE XANEIRO DE 1930

Desauno-Xantares-Foliadas-Merendas-
Procesión-Gaita de Lisardo García


E MOITAS COUSAS MAIS

Mondoñedo e Destritos. Convocatoria romaxe en «Nova Galicia», 1450. 24 de decembro de 1929.

sario da fundación da sociedade e que nun concurso celebrado na Casa Galicia en agosto do mesmo ano para escoller «Reina de la colectividad gallega» aparece como optante por *Mondoñedo y Distritos*, Sara Arruti González.

Pouco máis podemos contar polo de agora desta sociedade histórica que dignificou o nome da terra natal e colabou canto puido con Mondoñedo e cos concellos do partido xudicial nunha década tan crítica nesta parte do mundo como a dos 20 do século pasado.

PROMOTORES E ALGÚNS DIRECTIVOS DESTACADOS



Como remate desta semblanza provisional da historia da *Sociedad Mondoñedo y Distritos*, cremos procede lembrar o nome dalgúns dos principais promotores e directivos, sen desmerecer outros moitos que habería que rescatar e que tamén resultaron decisivos para a creación e boa marcha da sociedade, moi especialmente por seren estas as persoas que con máis perseveranza se preocuparon por algunhas necesidades do Mondoñedo da época.

Valentín González González

Dono en Bos Aires da axencia de lotarías «La Mindoniense» e de «Cigarrería Centenario», membro fundador, primeiro presidente e presidente honorario de *Mondoñedo y Distritos*, reelixido para o cargo en varias ocasións. Pai doutro bregador nas loitas intestinas argentinas nacido en Mondoñedo, tipógrafo, xornalista e poeta, chamado Amador V. González Veiga.

Víctor Domenech Amieiro

Presidente e secretario da sociedade en distintos momentos, excompouente de Os Veiga en Mondoñedo, gaitero, participou activamente xunto a Jesús Polo e Valentín González, entre outros, na homenaxe e recadación de fondos para a concesión dunha medalla de ouro a Noriega




O gaitero Domenech, xunto a outros músicos, «Mondoñedo» núm. 4.

Varela en 1910 e na homenaxe a Leiras en Bos Aires en 1914. Formou cuartetos, coros e o que cadrou para amenizar as múltiples festas sociais que soía ademais organizar. Membro moi activo do Centro Gallego de Bos Aires durante moitos anos.

Ricardo Veiga González (1890)

Promotor e fundador da sociedade, editor principal da publicación *Do Noso Lar* e redactor de *El Herald Gallego* ata 1928. Como músico formara parte de Os Pacheco e Os Veiga, e exercera como biblioteca-



Ricardo Veiga González («Vida Gallega» núm. 248, 1924).

rio en Brisas del Masma en Mondoñedo. Regresou a Galicia con fama de excelente tipógrafo, colaborou en *Vallibria*, ilustrou números da revista *Galiza* de A. Cunqueiro e outras moitas obras literarias. Traballou en *El Ideal Gallego*.

Fernando Lorenzo Rico (1875-1952)

Participou na refundación do Centro Gallego de Bos Aires en 1907, fundador e presidente de *Mondoñedo y Distritos*. Accionista principal da revista *Céltiga*. Foi comerciante e gran propietario. Participou en todas cantas homenaxes, actos e iniciativas que tivesen que ver con Mondoñedo na cidade de Bos Aires desde a primeira década do s. XX ata o seu falecemento.

La librería

PRENSA • LIBROS DE TEXTO • PAPELERÍA

M.º José Martínez Anello

Tels. 982 507 010 / 629 809 259
Praza do Concello, 8 - Baixo • MONDOÑEDO

MANCEBO

SUC. DE **IMPRESA PAPELERÍA**

150 anos ó seu servizo
1870 - 2020

Fernando López González
(Fillo de Xesús López Díaz)
SUC. DE MANCEBO

Tel. 982 521 851 • e-mail: impsucmancebo@yahoo.es
Rúa da Imprenta, 7 • MONDOÑEDO

